



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Relacións Laborais

Curso Académico: 2015 /2016

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	7
3. Plan de Melloras do Centro	20
4. Anexo: Informes de seguimento	74

1. Introducción

A Facultade de Relacións Laborais reconece que a procura da calidade no contexto universitario é un obxectivo de primeiro orde. En consecuencia, ten coma principio básico de planificación e funcionamento a garantía dos programas formativos no marco das súas competencias. Estes programas deben garantir a súa adecuación ás demandas de excelencia esperadas do Centro. Neste contexto, e sempre respectando o contexto da política de calidade da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Facultade de Relacións Laborais diseña a súa propia política de calidade no marco das súas competencias. O obxectivo prioritario desta política é o desenvolvemento de programas formativos que estean garantidos por unha xestión de calidade, co firme convencemento de que estes programas conforman unha estratexia sostible para cumprir eficaz e eficientemente co compromiso de dar resposta ás demandas e expectativas dos nosos diferentes grupos de interese.

A Memoria de Calidade 2015-2016 elabórase respectando os requirimentos do procedemento establecido no Sistema de Calidade da USC. En consecuencia, e conforme ao marco xenérico establecido, recolle información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) e ao seguimento dos títulos impartidos no centro. A Memoria reflicte tamén o plan de melloras para o curso académico 2016-2017. Neste sentido, se inclúe o conxunto de accións de mellora previstas para o presente curso académico, tanto as do centro coma as derivadas do seguimento dos títulos. Finalmente, se introduce unha revisión das accións de mellora do curso 2015-2016.

A Comisión de Calidade da Facultade de Relacións Laborais aprobou a presente Memoria de Calidade do curso 2015-2016 con data 15 de Marzo de 2017. Foi ratificada en Xunta de Facultade con data 23/03/2017.

ESTRUTURA DA FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO SGIC

▪ **Ámbito de Aplicación**

O Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) durante o curso 2015-2016 é de aplicación sobre todos os aspectos incluídos na Facultade que sexan susceptibles de ser xestionados con excelencia. Polo tanto, abrangue tanto ás titulacións impartidas no centro coma ás persoas –alumando e persoal do centro, PDI (persoal docente e investigador) e PAS (persoal de Administración e Servizos). Se elabora respectando os requirimentos do procedemento establecido no Sistema de Calidade da USC. Os Títulos vinculados coa Facultade que estiveron vixentes durante o curso 2015-2016 foron:

- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
- Máster en Xestión e Dirección Laboral.

Cabe sinalar que na Facultade de Relacións Laborais habilitouse un Curso Ponte no ano académico 2011-2012 co obxectivo de que as persoas en posesión do título de Diplomado en Relacións Laborais ou Graduado Social puidesen completar a súa formación como Graduados en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Non obstante, non se distingue como titulación independente, polo que este alumnado e todos os aspectos relacionados coa docencia deste Curso Ponte están incluídos nos datos xerais da titulación.

Tendo presente o anterior, os informes de seguimento que se achegan a esta memoria de calidade corresponden ao Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Anexo I) e ao Máster en Xestión e Dirección Laboral (Anexo II).

▪ **Documentación de Referencia**

A documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC inclúe a seguinte documentación:

- Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interno de Calidade.
- Regulamento Interno da Facultade de Relacións Laborais.
- Memoria de Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos.
- Memoria do Máster en Xestión e Dirección Laboral.
- Normativa Estatal e Autonómica.
- Normativa da Universidade de Santiago de Compostela.

No desenvolvemento do SGIC interveñen directamente os órganos de goberno da Facultade, distintas comisións e cargos unipersoais, con diferentes funcións asociadas que poden ser consultadas no Capítulo 3 do Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade. Concretamente, están implicados o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade e a Comisión do Máster en Xestión e Dirección Laboral, o responsable de calidade do Centro, e as coordinadoras das titulacións impartidas no centro, tanto no que atingue ao Grado de Relacións Laborais e Recursos Humanos coma ao Máster en Xestión e Dirección Laboral.

A Comisión de Calidade do Centro ten a seguinte composición:

- Decana da Facultade (Presidente)
- Responsable de Calidade do Centro
- Secretaria da Facultade
- Coordinadora do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Coordinadora do Máster de Xestión e Dirección Laboral

- Responsable da Unidade de Apoio a Xestión a Centros e Departamentos da Facultade.
- Dous alumnos ou alumnas, membros da Xunta de Facultade.

Pode tamén formar parte desta Comisión calquera persoa que o/a Decano/a da Facultade considere oportuno para garantir o bo funcionamento do SGIC, sendo proposta á Xunta de Facultade. No periodo obxecto da avaliación (2015/2016) non se incorporou ningunha persoa máis á Comisión. No que se refire ás funcións da Comisión de Calidade, son as seguintes:

1. Realizar o deseño, implantación, seguimento e avance do SGIC do Centro.
2. Elaborar a Memoria de Calidade do Centro, que inclúe os seguintes informes e memorias:
 - a) Informe de resultados do SGIC, incluíndo o plan de melloras previsto para o seguinte curso académico;
 - b) Memoria do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos, incluíndo as correspondentes propostas de mellora elaboradas pola comisión de Calidade.
 - c) Memoria do Máster de Xestión e Dirección Laboral, incluíndo as correspondentes propostas de mellora elaboradas pola comisión de Máster.
3. Elaborar os informes de seguimento da implantación do SGIC, que inclúe as propostas de mellora.

A Comisión de Calidade da Facultade reuniuse en vintedous ocasións no Curso 2015-2016¹, coas seguintes ordes do día:

Data	Reunión	Orde do Día
21/09/2015	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Organización do Taller de Redacción TFG e TFM. 2. Cronograma para a realización do TFG e TFM.
13/11/2015	Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Constitución nova Comisión de Calidade.
19/11/2015	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación da Acta da Sesión anterior. 2. Análise de Evidencias Informe de Seguimento 2014/2015 3. Accións de Mellora. 4. Datos do Máster en Dirección e Xestión Laboral. 5. Posta en Común coa Titulación de Relacións Laborais (LUGO)
30/11/2015	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Posta en común do Informe de Seguimento do Grado 2014/2015 elaborado pola Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela e o centro adscrito de Lugo. 2. Posta en Común coa Titulación de Relacións Laborais de Lugo. 3. Aprobación, se procede, do Informe de Seguimento 2014/2015 do Grado de Relacións

¹ Incluirse todas as reunión anteriores á elaboración desta Memoria, ata decembro de 2016. Parte destas reunións, en consecuencia, poderían ser encuadradas no curso 2016/2017 (en gris).

		Laborais e Recursos Humanos da Universidade de Santiago de Compostela, sede Santiago e sede Lugo.
18/12/2015	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación da Acta da Sesión anterior. 2. Informe Enquisa Satisfacción co Curso para a realización do TFG/TFM. 3. Informe accións de mellora
12/01/2016	Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Información sobre a Memoria de Calidade e Planificación Estratéxica.
14/01/2016	Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Área de Ordenadores 2. Cursos Internacionais. 3. Horarios do Centro. 4. Campus na Nube.
22/01/2016	Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1 Información sobre a Convocatoria de Accións de Mellora 2015/16.
10/02/2016	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación da Acta das Sesións anteriores. 2. Información sobre a Memoria de Calidade 2014/15.
16/02/2016	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación da Acta das Sesións anteriores. 2. Información sobre a Memoria de Calidade 2014/15. 3. Accións de Mellora 2015/2016
24/02/2016	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior 2. Aprobación se procede da Memoria de Calidade, curso 2014/2015. 3. Aprobación se procede da actualización do Manual Simplificado do SGIC 4. Aprobación se procede da traducción ao galego do Manual Simplificado do SGIC 5. Rogos e preguntas
17/03/2016	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación da Acta das Sesión anterior. 2. Accións de Mellora 2015/2016. 3. Rogos e preguntas.
02/05/2016	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación da Acta das Sesión anterior. 2. Resolución de Axudas para Accións de Mellora 2015/2016. 3. Problemática da materia optativa Historia das Relacións Laborais. 4. Rogos e preguntas.
19/05/2016	Preparatoria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Accións de mellora: estudo de adecuación de competencias formativas ás prácticas de Grao e Plan Estratéxico de Calidade.
30/05/2016	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior 2. Accións de Mellora. 3. Rogos e preguntas.
5/07/2016	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior 2. Accións de Mellora. 3. Mapa de Comisións. 4. Rogos e preguntas.
26/09/2016	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior 2. Determinación de Accións vinculadas coa Verificación do Título. 3. Normativa TFG/TFM.

		4. Rogos e preguntas
10/10/2016	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior 2. Composición Comité Consultivo Externo. 3. Accións vinculadas coa acción de Mellora das Prácticas Profesionais: catálogo de competencias e tarefas. 4. Accións vinculadas coa acción de Mellora do taller TFG/TFM. 5. Informe normalizado de prácticas externas (títulos académicos): informe de rúbricas. 6. Rogos e Preguntas
17/10/2016	Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación da Versión 5 do Manual Simplificado de Procedementos de Calidade.
5/12/2016	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior 2. Accións de Mellora.: avaliación 3. Informe para a acreditación. 4. Rogos e preguntas.
12/12/2016	Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación da Versión 5 do Manual Simplificado de Procedementos de Calidade.
19/12/2016	Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación se procede das actas das sesión anteriores. 2. Accións vinculadas coa acción de Mellora das Prácticas Profesionais: catálogo de competencias e tarefas. 3. Accións vinculadas coa acción de Mellora das enquisas de egresados: borrador da enquisa. 4. Accións vinculadas coa acción de Mellora da Clarificación de comisión: mapa actualizado. 5. Accións vinculadas coa acción de Mellora do Plan Estratéxico: liñas xerais. 6. Rogos e Preguntas.

Como aspectos máis salientables tratados nas reunións da Comisión de Calidade no periodo 2015-2016, cabe destacar os seguintes:

- *Modificación do SGIC.* O manual do centro modificado foi aprobado pola Xunta de Facultade o 22/12/2016.
- *Elaboración da Memoria de Calidade.* En decembro de 2015 procédese a elaborar a primeira Memoria de Calidade do Centro. Esta memoria aprobouse en sesión do venres 26 de febreiro de 2016, sendo sometida a ratificación en Xunta de Facultade de data 3 de marzo de 2016.
- *Informe de Seguimento.* Elaboración e aprobación do Informe de Seguimento do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos, sede Santiago de Compostela e Lugo (Novembro 2015).
- *Accións de Mellora.* Planificación das accións de mellora 15/16 e solicitude de axudas correspondente.

- *Comité Externo.* Creación e nomeamento do Comité de Asesores Externos para garantir a vixencia do Título, así coma para tarefas de asesoramento no Plan Estratéxico da Facultade (Decembro 2016).
- *Plan Estratéxico.* Elaboración do Primeiro Plan Estratéxico de Calidade da Facultade de Relacións Laborais (pendente de aprobación na Comisión de Calidade e de exposición pública).

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

En novembro de 2013 a Facultade de Relacións Laborais dispuxo do seu primeiro Sistema de Garantía Interna de Calidade, cuxa documentación de referencia consistía nun "Manual do Sistema de Xestión Interna de Calidade (MSXIC)", onde se definen as características xerais do sistema, xunto cun "Manual de Procesos e Procedementos". A comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha revisión do SGIC que obrigou a unha modificación do SGIC do centro. A Xunta de Facultade aprobou a correspondente modificación o 13 de decembro de 2013. Con esta modificación, simplificouse a documentación de referencia, adscribíndose o centro ao manual de procesos e procedementos marco da USC. Tamén se definiu a política de calidade do centro, vixente na actualidade.

O 3 de outubro de 2014 a Comisión de Calidade e Planificación aprobou os cambios introducidos no Manual Simplificado do SGIC, froito da revisión do sistema. Estes cambios afectan ao apartado 5 (Indicadores). Nesta modificación engadíronse informes complementarios e se cambiaron por informes algúns dos indicadores definidos na versión inicial. Como consecuencia, a Comisión de Calidade do Centro modificou dito apartado en data 13/10/2014, derivando na versión 3 do Manual Simplificado do SGIC. Esta modificación foi informada en Xunta de Facultade o 16 de Decembro de 2014.

No Curso Académico 2015/2016 se realizaron diferentes revisións do Manual Simplificado, que deron coma resultado as versións 4, 5 e 6 do Manual Simplificado do SGIC. Ditas modificacións

foron debidamente informadas nas Xuntas de Facultade do 03/03/2016; 21/10/2016 e 22/12/2016, respectivamente. A última versión é a 6, aprobada en Xunta de Facultade o 22/12/2016. A continuación se recollen as sucesivas modificacións realizadas:

INFORME DE REVISIÓNS		
Versión	Data	Modificación Realizada
04	24/02/2016	Introdución Comisión Intercampus Actualización mapa de procesos Actualización Información webe con vínculos Actualización Normativa interna aplicable (px. 7) Actualización nome Departamento Psicoloxía Organizacional Elaboración do documento en galego.
04	13/04/2016	Aprobación do Manual Simplificado do SGIC na Comisión Delegada de Calidade do Consello de Goberno da USC.
05	17/10/2016	Supresión da Comisión de Sistema de Garantía da Titulación. Supresión da Comisión de Título de Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos. Inclusión da Coordinadora do Máster de Xestión e Dirección Laboral na Comisión de Calidade do Centro. Actualización nome Departamento Ciencia Política e Socioloxía. Actualización composición Comisións.
06	12/12/2016	Actualización dependencia xerárquica CCC Actualización composición e Funcións Comisión Máster XDL Inclusión da condición de Interuniversitaria da Comisión do Máster XDL Actualización táboa evidencias do SGC Supresión listado indicadores.

O Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna da Facultade de Relacións Laborais, como tamén o Manual Extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos e Procedementos poden ser consultados na páxina web da Facultade de Relacións Laborais, no epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade.

<http://www.usc.es/gl/centros/rlaborais/calidade.html>

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2015-2016 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento (proceso de control dos documentos e dos rexistros, PS-04) estando a introducir neste momento algúns

documentos integrados na Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión (informes de seguimento dos títulos e plans de mellora).

ANÁLISE DE INDICADORES.

Neste apartado incluímos os resultados dos indicadores recollidos no SGIC dos Centros da Universidade de Santiago de Compostela, con vixencia para o ano académico 2015-2016. Estes indicadores son elaborados polos servizos con competencias da USC, e posteriormente postos a disposición dos centros para facilitar a súa análise no contexto dos procesos e procedementos vinculados ao SGIC de cada centro. Os indicadores que se amosan calculáronse en base aos datos dos títulos impartidos no 2015-2016: Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e Máster en Xestión e Dirección Laboral.

Na relación de indicadores considerados, presentarase a súa definición e indicarse de que titulacións proveñen os datos. Débese notar que os indicadores se proporcionan tamén desagregados por titulacións. Os resultados dos indicadores como totais para o Centro recóllense na Táboa 1. Os correspondentes aos títulos pódense consultar nos respectivos Informes de Seguimento dos mesmos vinculados á Facultade: Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (GRLL) e Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral (MXDL). Os aspectos máis relevantes iranse comentando de seguido.

Os resultados móstranse para cada título individual, ou ben agregando os datos de cada un dos dous títulos impartidos nos cursos académicos. Comentaranse os aspectos máis relevantes dos indicadores, atendendo aos datos de Calidade para os títulos. Ao considerarmos tan só dous puntos temporais concretos (os cursos académicos mencionados) non resultaría correcto falar de tendencias, polo que os comentarios restrínxense á comparativa entre os dous cursos sendo en rigor diferenzas ou incrementos.

A) INGRESO

Oferta e adecuación á Demanda

IN01C-PC-05	Prazas ofertadas para o curso académico 2015-2016.
IN10C-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas.
IN12C-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas

As prazas ofertadas permanecen invariables dende que foron creadas ámbalas dúas titulacións: 100

no caso do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos (GRRL) e 30 no que se refire ao Máster en Xestión e Dirección Laboral (MXDL). No primeiro dos casos, o número de prazas corresponde a 90 para o Grao e 10 para o Dobre Itinerario de Relacións Laborais e Recursos Humanos e Dereito (DTRRLD). Debemos sinalar que deben ser considerados outros dez estudantes que proceden da titulación de Dereito.

O indicador da Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas (IN010C-PC-05), se observa unha mellora de catro puntos porcentuais, ao pasar dun 73% no curso 14/15 a un 77.78% no período 15/16. Se rexistra, entón, unha mellora dun 6.5% en relación co curso precedente. Dito indicador pode ser relacionado co interese que a titulación suxire na sociedade, pois pode vincularse coas verdadeiras intencións do alumnado en relación co seu futuro académico. Dito dato mellora se consideramos o correspondente á Dobre Titulación con Dereito, pasando a situarse nun 100%. Finalmente, no que se refire á porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas (IN12-PC-05), o dato apunta a un teórico empeoramento do indicador, pois pasa dun 103,08% a un 97,5%. Non obstante, a análise pormenorizada do mesmo apunta a unha mellora clara no caso do Grao, pasando dun 107% en 2014 ao actual 108.89%. Sen embargo, se observa un empeoramento para o caso do Máster, onde descende de 90 a 63.33%.

Matrícula

IN02C-PC-05	Matrícula
IN03C-PC-05	Matrícula de novo ingreso.
IN04C-PC-05	Matrícula de inicio de estudos.
IN05C-PC-05	Variación de matrícula de inicio de estudos.
IN14C-PC-05	Núm. de matriculados en Máster no centro/Núm. de graduados do centro.

O número de matriculados descendeu globalmente (de 647 a 630), un lixeiro decremento de preto do 2.6%. A análise pormenorizada do indicador revela que a principal fonte de desviación corresponde ao MDXL, pois mentres no caso do GRRL e a DTRRLD a matrícula é estable, no do Máster descende de 50 a 38 matriculados. A matrícula de novo ingreso verificou un lixeiro descenso na comparativa do curso 2015-2016 fronte ao 2014-2015 (de 172 a 161). Novamente, o dato se corresponde co descenso de 8 matriculados no MDXL, fronte a 3 na comparación conxunta do Máster e o Grao.

Así, a matrícula de novo ingreso presenta un descenso próximo ao 6.4%, mentres que a de inicio de estudos aumenta en 4 matriculados. Debe facerse notar que a variación destes indicadores é positiva se consideramos de forma illada o Grao. Neste senso, mentres que a matrícula de novo ingreso se mantén dentro de parámetros de estabilidade (de 145 a 142 persoas), a de inicio de estudos (IN03G-PC-05) mellora dende 107 a 119 matriculados. Polo contrario, os mesmos datos no caso do MDXL rexistran unha caída de 27 a 19 matriculados.

No que se refire á taxa de variación de matrícula de inicio de estudos (IN05C-PC-05), debemos de facer unha precisión previa. Os datos refiren un descenso de 8.41 puntos. Non obstante, a análise de dito dato revela que é froito da comparación de magnitudes heteroxéneas: mentres que o dato inicial (2014) engloba os matriculados no Grao e o Dobre Itinerario (107), en 2015 se desagregan ditos datos, figurando coma alumnado de Grao 98 e 21 do DIRLL. En consecuencia, se comparamos os dous datos agregados, atopamos que se pasa de 107 matriculados en 2014 a 119 en 2015. Polo tanto, no que se refire ao indicador analizado (IN05G-PC-05), a taxa de variación de matrícula de estudos reflicte unha mellora de 11.21%. No caso do MDXL, e en coherencia cos indicadores anteriormente referidos, se rexistra un descenso do 29.63%.

En canto a relación entre o número de matriculados no centro sobre o número de graduados, que permite comparar o peso que aportan os estudantes do Máster no total do estudantado do Centro, obsérvase unha lixeira diminución de 0.63 a 0.38.

Perfil de entrada

IN06C-PC-05 Nota media de acceso por preinscrición.

IN07C-PC-05 Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis.

Se observa unha tendencia relativamente estable na variación entre os cursos considerados para o indicador Nota media de acceso por preinscrición, que diminuíu 0,17 puntos, pasando de 6,71 a 6,54. A nota media de acceso no caso do GRLL descende lixeiramente, pasando de 6.69 a 6.50. Dito descenso se ve reflectido na Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (IN07G-PG-05), que pasa dun 74.29% a un 64.89% do total do alumnado que accede ao Grao. Un dato similar se rexistra no caso do MDXL, onde hai unha caída de preto de 15 puntos na porcentaxe de alumnado con nota media superior a 6 puntos (de 100.00 a 84.62%). Os datos cambian con rotundidade na análise da Dobre Titulación con Dereito, onde a nota media de acceso se sitúa en torno a 10.50 puntos e, en consecuencia, o 100% do alumnado supera esa puntuación marco de 6 puntos. Estes datos suxiren unha mellora do perfil de ingreso que pode ser

atribuíble a un correcto desenvolvemento do plan de estudos, sobre todo no atractivo da dobre titulación con Dereito.

B) MOBILIDADE

IN08C-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados.
IN09C-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados.
IN16C-PC-05	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade.
IN17C-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados.
IN18C-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados.

Tanto a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados coma a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia presentan lixeiros descensoes dende 1.39% a 1.15% no primeiro caso e de 2.78% a 2.46% no segundo. Novamente, os datos cambian se se procede a análise individualizada para o Grao e o Máster. Así, no primeiro dos casos descende lixeiramente (0.29) o número de estudantes estranxeiros sobre os matriculados (IN08G-PC-05) e aumenta en 8 décimas –ata o 1.93%– a porcentaxe de estudantes nacionais non pertencentes á Comunidade Autónoma (IN09G-PC-05). Isto pode ser indicativo da capacidade de atracción de alumnado do Grao, que entendemos debe incrementarse ao entrar en vigor o Dobre Itinerario. No caso do Máster, aumenta a porcentaxe de estudantes estranxeiros (de 2.00 a 2.63%) e descende a de alumnado que cursa estudos de Máster no centro sen ser da Comunidade Autónoma (do 22.00 a 10.53%).

Por outra banda, tamén se observa unha evolución positiva nos indicadores de estudantes enviados e recibidos en programas de mobilidade da USC. En ambos casos, o valor máis que se duplica, dende 0.77 a 1.97 (IN17C-PC-08) no caso de estudantes enviados e de 0.93 a 1.97 (IN18C-PC-08) para a porcentaxe de estudantes recibidos. Cabe sinalar que temos deseñada unha acción de mellora en relación cos programas de mobilidade. A mellora xeral dos datos suxire certa efectividade da acción. Non obstante, somos conscientes de que son aínda cifras moi baixas. En consecuencia, procede persistir e mellorar dita acción. Non obstante, debemos salienta que partimos dun problema de difícil xestión, debido ao perfil da titulación. No caso do alumnado do estranxeiro, a escasa coincidencia con titulacións afíns en universidades estranxeiras é unha eiva, xa que son escasas as titulacións noutros países relacionadas co Grao en Relacións Laborais. Ao mesmo tempo, o noso alumnado no caso de optar por estudar no estranxeiro debe cursar materias escasamente

relacionadas co contido das materias básicas. A incorporación da Dobre Titulación (DIRLLD) pode e debe constituír unha oportunidade para a mobilidade.

Cabe salientar, finalmente, que o alumnado manifesta un nivel medio de satisfacción cos programas de mobilidade (4.00).

C) PRÁCTICAS

IN22C-PC-09 Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas ou institucións.

Os alumnos e alumnas que realizan prácticas en empresas ou institucións diminuíu de preto dun 70% no curso 2014-2015 a case o 64% no 2015-2016. No caso do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos descende lixeiramente en máis de catro puntos, mentres que mellora de forma importante no caso do Máster, onde se sitúa nun 100% (incremento dun 4.54%). No primeiro caso hai que sinalar, non obstante, que pese a ser unha materia optativa a porcentaxe de alumnado que opta por cursar a mesma é cercano ao 60%, o que reflicte que o alumnado manifesta interese en procurar ditas prácticas. En consecuencia, traballaremos nunha acción de mellora que permita facilitar o acceso do alumnado a dita materia.

D) RECURSOS HUMANOS

IN24C-PS-01 Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título.

IN25C-PS-01 Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total.

IN26C-PS-01 Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total.

IN30C-PS-01 Ratio de estudantes por profesor a tempo completo.

IN31C-PS-01 Media de alumnos por grupo de teoría.

IN32C-PS-01 Media de alumnos por grupo de docencia interactiva.

O perfil do profesorado do centro segue evolucionando en consonancia cos cursos precedentes. Así, segue crescendo o PDI doutor sobre o total do PDI. A porcentaxe de doutores na actualidade é de preto dun 70%, cunha mellora de dous puntos porcentuais en relación cos valores do curso 2014/2015. Dita mellora se observa, particularmente, no caso do GRLL (IN25G-PS-01), onde o dato pasa de 66.18 a 69.09% entre os dous periodos. No caso do MDXL se mantén en torno ao 65%. A porcentaxe de doutores que ten sexenio sobre o total de docentes no título rexistra o aumento máis notable, ao pasar dun 48.19% a un 75.00%, cun incremento dun 55% en este valor. A mellora é de practicamente 30 puntos porcentuais no GRLL e preto de 24 no MDXL (70%). Ao

mesmo tempo, a porcentaxe de PDI funcionario sobre o total descende lixeiramente en preto de 3 puntos porcentuais en ambos casos. Na actualidade, o grao de funcionarización da plantilla se sitúa en torno ao 44% no caso do Grao e o 57% para o Máster. Dito retroceso, aínda que leve, non pode ser illado das liñas xerais en materia de persoal deseñadas pola USC.

No que se refire ao alumnado que atende cada docente, cabe destacar unha mellora xenérica en todos os indicadores. Así, a media de alumnado por grupo teórico mellora o dato entre os cursos 2014-2015 e 2015-2016, pasando de 50.67 a 47.56 estudantes. A media de alumnado por grupo interactivo se mantén relativamente estable, en torno a 29. Cabe destacar que a mellora é máis perceptible no caso do MDXL, aínda que dito dato debe ser posto en referencia coa diminución do número de alumnado. Finalmente, a ratio de estudantes por profesor a tempo completo se mantén en torno a 9.

E) RESULTADOS

IN34CG-S01-PM-01	Taxa de rendemento (Grao).
IN34CM-S01-PM-01	Taxa de rendemento (Máster).
IN35CG-S01-PM-01	Taxa de éxito (Grao).
IN35CM-S01-PM-01	Taxa de éxito (Máster).
IN36CG-S01-PM-01	Taxa de avaliación (Grao).
IN36CM-S01-PM-01	Taxa de avaliación (Máster).
IN37CG-S01-PM-01	Taxa de graduación (Grao).
IN38CG-S01-PM-01	Duración media dos estudos (Grao).
IN38CM-S01-PM-01	Duración media dos estudos (Máster).
IN39CG-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados (Grao).
IN39CM-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados (Máster).
IN40CG-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao).
IN41CG-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393 (Grao).
IN41CM-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393 (Máster).

Abandono

No Grao (GRRL) a taxa de abandono emperora lixeiramente entre 2014-2015 e 2015-2016, ao rexistrar un aumento de preto de tres puntos porcentuais. A situación é diferente no caso da taxa de abandono RD 1393, que pasa de 28.84 a 19.78%. O dato actual de abandono suxire a necesidade de estar particularmente atentos, por canto a taxa alcanza a establecido na memoria da titulación (18%). No caso particular do Máster (IN41CM-S01-PM-01) dita taxa é 0.

Avaliación

A Taxa de avaliación do Grao mellora os resultados en relación co período anterior, pasando de 83.51 a 85.67%. Ademais, debemos de tener en conta que o dato para o caso do DIDRLL mellora sustancialmente este dato, situándose nun 92.74%. No caso do Máster, descende pouco máis de 6 puntos, situándose nun 83,33%. Cabe destacar que, neste caso, a maior porcentaxe de “non presentados” se relaciona co Traballo de Fin de Máster, polo que entendemos que as medidas relacionadas coa mellora das posibilidades de defensa dos TFG e TFM repercutan tamén nunha mellora de dito indicador.

Duración media dos estudos

No relacionado coa duración media dos estudos, obsérvase un lixeiro incremento de catro décimas no Grao de Relacións Laborais, en consonancia coa liña de cursos anteriores (5.13). A situación é similar no caso do Máster, onde a duración media é lixeiramente superior no curso 2015-2016 que no precedente (1,56 fronte a 1,33). Cabe destacar que as medidas adoptadas en relación coas novas posibilidades de defensa do TFG e TFM poden ser un factor corrector importante en relación con este dato. Pensamos que o alto número de alumnado que retrasa a defensa do TFG e TFM pode incidir neste indicador, de aí que tamén estaremos particularmente atentos á eficacia das medidas adoptadas para corrixir esta disfunción.

Eficiencia dos titulados/Egresados

Non se pode comentar a evolución do indicador, pois non está dispoñible nin para o Grado nin para o Máster. O derradeiro dato corresponde ao período 2015/2015. En canto ao dato da Taxa de Eficiencia dos Egresados, só se rexistra o dato de 2015-2016 (94.40%), o que impide o labor comparativo.

Éxito

O indicador de éxito se sitúa en parámetros de estabilidade, manténdose no entorno do 83%. Neste apartado cabe sinalar que, ante o elevado valor do indicador, cabe escasa marxe de mellora, sobre todo no caso do Máster onde o valor acadado é 100%.

Graduación

A Taxa de graduación do Grao aumentou respecto do curso pasado de xeito importante, pasando dun 37,61% a un 51.65%, unha mellora de preto dun 40%. O dato revela que este indicador supera con creces o obxectivo definido na Memoria da Titulación, 40%. Cabe salientar que nos pasados

Plan de Melloras do Grao de Relacións Laborais (2013-2014; 2014-2015 e 2015-2016) implantouse unha acción de mellora dirixida precisamente a aumentar a Taxa de Graduación, relacionada cun Taller para a elaboración de TFM e TFG. O mesmo resultado favorable se observa no indicador referido ao Máster, onde se observan resultados tamén favorables cunha mellora próxima aos 20 puntos porcentuais (74% no curso 2015-16 fronte a 55,17% no 2014-15).

Rendemento

Para finalizar con este apartado, obsérvase que as Taxas de rendemento aumenta lixeiramente no Grao, situándose preto do 71%. Non segue a mesma tendencia no caso do Máster, onde descende seis puntos (de 90.57% a 69.31%).

F) SATISFACCION

IN49C-PS-01 Satisfacción do PAS co seu traballo.

O único indicador vinculado ao Centro é o referido á *Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido*, e unicamente para o curso 2014/15. Este indicador presenta un resultado satisfactorio (3.67 sobre 5).

Código	Nome Indicador	14/15	15/16
IN01C-PC-05	Prazas ofertadas	130	130
IN02C-PC-05	Matrícula	647	630
IN03C-PC-05	Matrícula de novo ingreso	172	161
IN04C-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	134	138
IN05C-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	-3,60	2,98
IN06C-PC-05	Nota media de acceso por preinscripción	6,71	6,54
IN07C-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	75,45	67,29
IN08C-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	1,39	1,15
IN09C-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	2,78	2,46
IN10C-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	73	77,78
IN12C-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	103,08	97,5
IN14C-PC-05	Núm. de matriculados en Máster no centro/Núm. de graduados do centro	0,63	0,38
IN16C-PC-08	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	4,00	4,00
IN17C-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	0,77	1,97
IN18C-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	0,93	1,97
IN22C-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	69,23	63,79
IN24C-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	48,19	75,00
IN25C-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	66,27	68,12
IN26C-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	49,4	46,38
IN30C-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	9,11	9,67
IN31C-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	50,67	47,56
IN32C-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	29,33	29,52
IN34CG-S01-PM-01	Taxa de rendemento (Grao)	69,31	70,61
IN34CM-S01-PM-01	Taxa de rendemento (Máster)	90,57	83,33
IN35CG-S01-PM-01	Taxa de éxito (Grao)	82,99	82,95
IN35CM-S01-PM-01	Taxa de éxito (Máster)	99,63	100
IN36CG-S01-PM-01	Taxa de avaliación (Grao)	83,51	85,13
IN36CM-S01-PM-01	Taxa de avaliación (Máster)	90,91	83,33
IN37CG-S01-PM-01	Taxa de graduación (Grao)	37,61	51,65
IN37CM-S01-PM-01	Taxa de graduación (Máster)		74,07
IN38CG-S01-PM-01	Duración media dos estudos (Grao)	4,87	5,13
IN38CM-S01-PM-01	Duración media dos estudos (Máster)	1,33	1,56
IN39CG-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados (Grao)	89,69	89,69
IN39CM-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados (Máster)	96,77	96,77
IN40CG-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	15,38	18,09
IN41CG-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393 (Grao)	28,44	19,78
IN41CM-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393 (Máster)	10,34	0
IN50CM-S01SPM-01	Taxa de éxito dos egresados		99,69
IN53CM-S01SPM-01	Taxa de eficiencia/ rendemento dos egresados		94,4
IN49C-PS-01	Satisfacción do PAS co seu traballo	4,00	6,67
IXA-C04	Porcentaxe de actas fóra de prazo	9,09	9,09

RESUMO DE SITUACIÓN.

A análise global dos indicadores anteriores permite destacar certos puntos favorables e outros que deben ser de especial atención na evolución do Centro. Así, comprobamos que mellora a porcentaxe de matriculados en primeira opción, o que pode ser indicativo do atractivo que presenta o título na sociedade. Non obviamos que o feito de ter implantado o **Doble Itinerario** coa titulación de Dereito pode ter unha repercusión positiva neste sentido, polo que pensamos que este camiño debe ser especialmente potenciado como factor determinante do atractivo xeral da titulación.

Outro factor de atracción pode estar vinculado coa **mellora da adecuación e visibilización das saídas laborais da titulación**, e moi concretamente as vinculadas tamén co Dobre Itinerario. Neste sentido, queremos destacar que nas primeiras xuntanzas realizadas co Comité Externo asesor (profesional) para garantir a adecuación da Titulación e a súa vixencia en relación coas necesidades do mercado laboral se destacou a necesidade de insistir na vía de Colexiación (Graduado Social) e a posibilidade de actuar coma especialista laboralista na Xustiza ordinaria. En consecuencia, propoñemos as seguintes accións de mellora:

- 1) Adecuación do Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e RRHH. En colaboración coa Facultade de Dereito, se realizará unha redistribución das materias do itinerario para facilitar a súa implantación e seguimento para o alumnado que opte por dita vía.
- 2) Programa de prácticas de Xustiza Laboral. Programa de simulación de actuacións ordinarias en Tribunais para visibilizar a saída e facer que o alumnado adquira familiaridade con esta saída profesional.

Outro punto importante é a **mellora na porcentaxe de PDI doutor e con sexenios no marco do persoal do título**. Neste sentido, destacamos que no Plan Estratéxico do centro figura a necesidade de mellorar o atractivo do mesmo de cara a atraer a profesorado que se establecen na Facultade. Non obstante, tamén propoñemos as seguintes accións de mellora:

- 3) Adecuación de Espazos para a Investigación.
- 4) Visibilización da saída investigadora para o alumando.

Consideramos que é importante **facilitar o acceso do alumnado a prácticas profesionais**, pois o dato de alumnado que realiza ditas prácticas presenta unha marxe de mellora importante. A este

respecto, pensamos que as pasadas convocatorias, onde se establecían unha serie de materias que tiñan que estar obrigatoriamente superadas de cara a poder cursar ditas prácticas pode ser unha eiva, pois o alumnado as tiña que demorar a Cuarto Curso, xa de por sí bastante cargado en canto a créditos. De cara a mellorar este dato, propoñemos a seguinte acción:

- 5) Eliminación de materias obrigatorias para a realización de prácticas e flexibilización dos prazos de solicitude para a realización de prácticas.

Detectamos que persisten **os problemas para a mobilidade do alumnado**. Neste sentido, pensamos que é axeitado insistir nas ventaxas que pode obter o alumnado con dita mobilidade, así coma persistir na información das opcións das que dispoñen para acceder a periodos de estudo en outros países. Ao mesmo tempo, detectamos que a imprantación da Dobre Titulación pode ser unha oportunidade para novas opcións de mobilidade. En consecuencia, propoñemos as seguintes liñas de acción:

- 6) Campaña de información sobre mobilidade no Centro.

- 7) Estudo de novas oportunidades de mobilidade en Centros con Dobre Titulación.

Tendo presente que a nosa prioridade é a formación do alumnado e a **mellora da súa empregabilidade**, queremos plantexar unha serie de accións de mellora ao respecto. Queremos destacar que algunha destas medidas foron ideadas por suxestións xurdidas no seo do Comité Externo asesor da titulación:

- 8) Assesment Center para avaliar as competencias transversais do alumnado nos últimos cursos.

- 9) Curso de Oratoria e Habilidades de Comunicación, deseñado para mellorar as capacidades de exposición e comunicación pública do alumnado. Dito curso, ademáis, pode ter repercusión nas opcións de defensa do TFG/TFM, por canto mellora as confianza e seguridade do alumnado na súa capacidade oral.

- 10) Programa de Cursos Interculturais. Dito programa, de carácter optativo, intenta formar ao alumnado en competencias interculturais e habilidades de traballo en grupos virtuais, de alto valor no contexto laboral actual.

Finalmente, e vendo que existe unha porcentaxe de actas que se empregan fóra de prazo, entendemos que procede unha acción de mellora a este respecto.

- 11) Cumprimento dos prazos de peche de actas.

3. PLAN DE MELLORAS DO CENTRO (2016/2017). Introducimos en primeiro lugar as accións de mellora para o curso 2015-2016, derivadas da análise de situación anterior.

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM1-PM1617C	Seguimento SGIC	Aprobación do Plan Estratéxico da Facultade	Pendente de inicio	Decana RRLL	Xullo 2017	Non
AM2-PM1617C	Seguimento do SGIC/Planif Estratéxica	Programa de Prácticas de Xustiza Laboral	Pendente de inicio	Coordinador Prácticas	Decembro 2017	Non
AM3-PM1617C	Planificación Estratéxica	Adecuación de espazos para investigación	En curso	Decana do Centro	Decembro 2017	Non
AM4-PM1617C	Planificación Estratéxica	Visibilización da saída investigadora para o alumnado	Pendente de inicio	Decana RRLL	Xuño 2017	Non
AM5-PM1617C	Seguimento SGIC	Campaña de difusión progr. Mobilidade	Pendente de inicio	Decana RRLL	Setembro 2017	Non
AM6-PM1617C	Seguimento do SGIC	Estudo novas oportunidades de mobilidade	Pendente de inicio	Responsable de mobilidade	Decembro 2017	Non
AM7-PM1617C	Planificación Estratéxica	Realización dun Assesment Center	En curso	Decana RRLL	Xuño 2017	Non
AM8-PM1617C	Seguimento do SGIC/Planif Estratéxica	Curso de Oratoria	Pendente de inicio	Decana RRLL	Abril 2017	Non
AM9-PM1617G	Seguimento SGIC	Peche de Actas	Pendente de inicio	Secretaria de RRLL	Decembro 2017	Non
AM10-PM1617G	Seguimento SGIC	Mellora do Dobre Itinerario Dereito/RRLL.	En curso	Decana RRLL	Maio 2017	Non
AM11-PM1617G	Seguimento SGIC	Programación Prácticas	En curso	Coordinador Prácticas	Xuño 2017	Non
AM12-PM1617G	Planificación Estratéxica	Programa de Cursos Interculturais	En curso	Decana RRLL	Xuño 2017	Non
AM13-PM1617G	Planificación Estratéxica	Enquisas de Satisfacción	En curso	Decana RRLL	Xuño 2017	Non

ACCÍONS DE MELLORA DA FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS (CENTRO)

AM1. Presentación e Aprobación do Plan Estratéxico de Facultade de Relacións Laborais e RRHH			
Pendente de Inicio.			
Definición	Acción de mellora	Código	AM1- PM1617 C (curso 2016/2017)
		Tipo	Acción de mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 2-Información e Transparencia
	Definición	Análise causa	Falla de Plan Estratéxico na Facultade de RRLL
		Definición proposta	Presentación Pública e Aprobación
		Data prevista de finalización	Maio de 2017
		Data inicio	1 de xaneiro de 2017
	Responsables	Responsable da implantación	Decana RRLL.
Tarefa 1	Código	AM-1.1	
	Descrición tarefa	Exposición Pública do Plan Estratéxico	
	Data prevista de finalización	Maio 2017	
	Persoa responsable	Decana	
Finalización	Estado	Pendente de inicio	
	Data estado	Marzo 2017	
	Comprobación	Existencia Material do Proxecto de Plan Estratéxico.	
	Data comprobación	Na data prevista de finalización	
Tarefa 2	Código	AM-1.2	
	Descrición tarefa	Estudo e Incorporación (se procede) de Alegacións e Suxestión.	
	Data prevista de finalización	Xuño 2017	
	Persoa responsable	Decana	

Finalización	Estado	Pendente de inicio
	Data estado	Marzo 2017
	Comprobación	Presentación e Exposición pública do Proxecto de Plan Estratéxico da Facultade de Relacións Laborais.
	Data comprobación	Na data prevista de finalización
Tarefa 3	Código	AM-1.3
	Descrición tarefa	Aprobación do Plan Estratéxico
	Data prevista de finalización	Xullo 2017
	Persoa responsable	Decana
Finalización	Estado	Pendente de inicio
	Data estado	Marzo 2017
	Comprobación	Publicación do Plan Estratéxico da Facultade de Relacións Laborais.
	Data comprobación	Na data prevista de finalización

AM2. Programa de Prácticas de Xustiza Laboral				
Pendente de Inicio.				
Definición	Acción de mellora	Código	AM2- PM1617C (curso 2016/2017)	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito de aplicación	Criterio 6-Resultados de Aprendizaxe	
		Análise causa	Baixa taxa de egresados que exercen a facultade de colexiación no Colexio Oficial de Graduados Sociais, podendo actuar en materia de Xustiza Laboral e Social. Suxestión de saída laboral non aproveitada. Suxestión recollida no Comité Externo asesor.	
		Definición proposta	Elaboración de Prácticas de Xustiza Laboral (simulación xuízos)	
		Data prevista de finalización	Decembro 2017	
		Fecha inicio	1 de xaneiro de 2017	
Responsables	Responsable da implantación	Coordinador prácticas		
Tarefa 1	Código	AM-2.1		
	Descrición tarefa	Definición da proposta		
	Data prevista de finalización	Abril 2017		
	Persoa responsable	Coordinador de Prácticas		
Finalización	Estado	Pendente de inicio		
	Data estado	Marzo 2017		
	Comprobación			
	Data comprobación	Na data prevista de finalización		
Tarefa2	Código	AM-2.2		
	Descrición tarefa	Planificación das prácticas: calendarización, número de prazas, proxecto de necesidades orzamentarias e materiais.		
	Data prevista de	Maio 2017		

	finalización	
	Persoa responsable	Coordinador prácticas
Finalización	Estado	Pendente de inicio
	Data estado	Marzo 2017
	Comprobación	Presentación do Proxecto.
	Data comprobación	Na data prevista de finalización
Tarefa 3	Código	AM-2.3
	Descrición tarefa	Adecuación espazo.
	Data prevista de finalización	Xullo 2017
	Persoa responsable	Coordinador prácticas
Finalización	Estado	Pendente de inicio
	Data estado	Marzo 2017
	Comprobación	Espazo habilitado.
	Data comprobación	Na data prevista de finalización
Tarefa4	Código	AM-2.4
	Descrición tarefa	Realización Xuízos (simulación)
	Data prevista de finalización	Setembro-Decembro 2017
	Persoa responsable	Coordinador prácticas
Finalización	Estado	Pendente de inicio
	Data estado	Marzo 2017
	Comprobación	Verificación da Actividade (registro de asistencia, enquisa de satisfacción).
	Data comprobación	Na data prevista de finalización

AM3. Adecuación de Espazos para a Investigación.				
Pendente de Inicio.				
Definición	Acción de mellora	Código	AM3- PM1617C (curso 2016/2017)	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito de aplicación	Criterio 5-Recursos Materiais e Servizos	
		Análisis causa	Necesidade da Mellora da adecuación de espazos para a investigación no centro. Garantir a posibilidade de que o profesorado teña as mellores condicións para realizar o seu labor investigador (recollido no Plan Estratégico).	
		Definición/descripción proposta	Dotación Laboratorio de RRHH	
		Data prevista de finalización	Decembro 2017	
		Fecha inicio	1 de xaneiro de 2017	
Responsables	Responsable da implantación	Decana da Facultade		
Finalización	Estado	Pendente de inicio		
	Data estado	Marzo 2017		
	Comprobación	Dotación do Laboratorio. Mellora de Infraestrutura.		
	Data comprobación	Na data prevista de finalización		

AM4. Potenciación da saída investigadora entre o alumnado.

Pendente de Inicio.

Definición	Acción de mellora	Código	AM4- PM1617C (curso 2016/2017)
		Tipo	Acción de mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 6-Resultados da aprendizaxe
	Definición	Análisis causa	Potenciación da saída investigadora entre o alumnado
		Definición/descripción proposta	Introdución da saída investigadora nas charlas informativas sobre saídas profesionais.
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Fecha inicio	1 de xaneiro de 2017
Responsables	Responsable da implantación	Decana da Facultade	
Finalización	Estado	Pendente de inicio	
	Data estado	Marzo 2017	
	Comprobación	Verificación da Actividade (incorporación ao Programa).	
	Data comprobación	Na data prevista de finalización	

AM5. Programas de Mobilidade.			
Pendente de Inicio.			
Definición	Acción de mellora	Código	AM5- PM1617C (curso 2016/2017)
		Tipo	Acción de mellora
	Definición	Ámbito de aplicación	Criterio 1-Organización e Desenvolvemento
		Análisis causa	Baixa participación do alumnado en programas de mobilidade.
		Definición/descripción proposta	Difusión Programas de Mobilidade.
		Data prevista de finalización	Decembro 2017
		Fecha inicio	1 de xaneiro de 2017
Responsables	Responsable da implantación	Decana da Facultade	
Tarefa 1	Código	AM-5.1	
	Descrición tarefa	Busca e implicación de estudantes que aproveitaran unha estada no estranxeiro.	
	Data prevista de finalización	Xaneiro 2017	
	Persoa responsable	Decana da Facultade/ Coordinadora de Mobilidade.	
Finalización	Estado	Pendente de Inicio.	
	Data estado	Marzo 2017	
	Comprobación		
	Data comprobación	Na data prevista de finalización	
Tarefa 2	Código	AM-5.2	
	Descrición tarefa	Programación dunha xornada informativa.	
	Data prevista de finalización	Xuño 2017	

	Persoa responsable	Decana da Facultade/ Coordinadora de Mobilidade.
Finalización	Estado	Pendente de Inicio
	Data estado	Marzo 2017
